

ACTIVIDADE TRATAMENTO:

11. ACCESOS AOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN

RESPONSABLE

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos (art. 6.1.e. do RXPDP).

Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

FINS

Xestión dos datos de usuarios e usuarias que acceden á rede ou sistemas de información do Parlamento de Galicia (sistema wifi, telefonía móbil, equipos informáticos, intranet, teletraballo...).

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Persoal do Parlamento de Galicia ou que manteña determinados vínculos con éste.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, dirección, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade. Enderezo electrónico.

Número de intentos de accesos erróneos, data do último acceso, datos do dispositivo, dirección IP.

DESTINATARIOS

Non están previstas cesións de datos.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Conservaranse os datos mentres se manteña a condición de persoas usuarias dos sistemas da información.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, de 8 xaneiro, polo que se regula



o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e o Real Decreto 951/2015, de 23 outubro, de modificación do Real Decreto 3/2010.

Responsable de seguridade TIC: Oficialia Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: "Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia".